



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O MUSEO NAZIONALE DEL CINEMA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS NO ÁMBITO AUDIOVISUAL, CONCRETADAS NA CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO FORO DO PROXECTO FORMATIVO "SERIESLAB 2017" DO TORINO FILMLAB EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

*O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:***

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Fondazione Maria Adriana Prolo-Museo Nazionale del Cinema, Archivi di Cinema, Fotografia ed Immagine** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **2 de xaneiro de 2017 ata o 31 de marzo de 2017**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento de accións formativas no ámbito audiovisual, concretadas na celebración en Santiago de Compostela, do 18 ao 23 de xaneiro de 2017, do taller formativo especializado no desenvolvemento de guións para series de televisión, o SeriesLab 2017, pertencente ao programa formativo do Museo Nazionale del Cinema denominado Torino FilmLab.

O SeriesLab 2017, neste primeiro taller de formación, traballará sobre nove conceptos orixinais para series de televisión, con asesoramento de profesionais expertos de diversas áreas, que serán presentados ante responsables de distribuidoras e das principais canles de TV europeas.

No transcurso dos catro días de duración do taller impartiranse clases, relatorios e celebraranse reunións de traballo abertas aos profesionais da industria audiovisual galega, dando lugar a unha posta en común de experiencias e á apertura de novas vías de negocio para creadores e produtores locais.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

Torino FilmLab (TFL) é un programa formativo promovido a través do Museo Nazionale del Cinema e vinculado ao Festival de Cine de Turín, dirixido a novos talentos do ámbito audiovisual de todo o mundo, que conta co apoio do subprograma MEDIA de Europa Creativa e





considerado como un dos máis especializados e prestixiosos do ámbito europeo polo seu éxito e resultados.

A Agadic, que promove actividades de formación continua para profesionais en activo do ámbito audiovisual co fin de contribuir á actualización permanente de coñecemento e fomentar as relacións de negocio, entende que o TFL é un programa formativo idóneo e que se adapta perfectamente ás necesidades e estratexias de futuro do sector audiovisual galego, de aí que considere altamente conveniente colaborar cos organizadores para celebrar en Santiago de Compostela o primeiro taller de formación del SeriesLab 2017. Contribúese, así, ao aproveitamento das actividades formativas, poñendo en valor o interese xeral na formación para o sector audiovisual. E isto está en consonancia cunha das liñas de actuación fundamentais da Axencia, que é o apoio aos procesos de formación nos sectores escénico, musical e audiovisual, nos que o organismo xulga esencial o investimento tanto económico coma organizativo, sobre todo enaquelas iniciativas claramente dirixidas ao exercicio profesional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

